

Extracto da convocatoria de Subvencións para Festas Parroquiais de Arteixo para o ano 2024.

Obxecto.- A regulación de subvencións en réxime de concorrència competitiva, coa finalidade de apoiar ás comisións de festas e entidades locais de Arteixo na organización dos festexos populares tradicionais de cada parroquia, segundo a seguinte clasificación:

- Subvencións para festas catalogadas como patronais ou asimiladas (1 por lugar ou parroquia) dentro do calendario festivo tradicional, segundo a relación do anexo das Bases Reguladoras.
- Subvencións para festas catalogadas como non patrimoniais, romarías ou asimiladas dentro do calendario festivo tradicional, segundo a relación do anexo das Bases Reguladoras.

Beneficiarios/as.- Entidades legalmente constituídas (asociacións e comisións de festas) que cumpran os requisitos das Bases Reguladoras.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras de subvencións para festas parroquiais de Arteixo vixentes e publicadas no BOP da Coruña nº 170, de 6 de setembro de 2023.

Contía.- O importe da consignación orzamentaria ascende a 200.000,00 € con cargo á partida 338.48902, do orzamento ordinario para o ano 2024.

Criterios de concesión.- As bases reguladoras conteñen os criterios de concesión, os gastos subvencionables e o procedemento de concesión aplicables a estas subvencións.

Prazo de presentación de solicitudes.- O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde a publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña.

Prazo de xustificación da subvención.- O prazo de xustificación para este ano 2024 será o seguinte:

- Festas xa celebradas: un mes desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- Festas pendentes de celebrar: 15 días hábiles desde a celebración da festa.